

# REXURDIMENTO

2.<sup>a</sup> ÉPOCA

ORGÃO DA  
I. N. G.

1928

## O PROBLEMA DA GRANDE VILA

**A**NDASE debatindo iste asunto ante nós. Hai quen siente en Galiza a necesidade, d'unha gran vila. Dend'as suxestións do Antón Vilar Ponte nos seus lumiosos artigos, até as arquitecturas d'ensono que proieita o xenial Antón Palacios, coma no desacougado arelar da opinión viguesa e os pulos de capitalidade que siente a Cruña, o degaro da gran vila é cousa que s'apalpa na Galiza d'oxe.

Fai pouco tratava d'isto Eusebio Montes en EL SOL. Non é iste escritor partidario da grande vila; eu non-o son tampouco. As nosas razós son endeben as mesmas. O Montes, fixándose nas arelas de creación qu'oxe siente a Galiza coscente—ansia criadora que é a meirande e decisiva xustificación das arelas nazionalistas—pensa, e pensa ben, que máis propicias ao desenrollo d'unha civilización e d'unha cultura, son moitas pequenas vilas, que non unha soila vila grande; pon os exemplos da Grecia antiga, da Italia da Renacencia, da Alemaña da boa época. Tomade nota, logo, os de Betanzos, d'unha ideia qu'oferce á vosa vila un posto na creación da nova cultura enxebre...

Mais a miña ideia vai en certo modo, máis alá. Eu escribo ateigado do sentimento raiz da miña Raza, o sentimennto da Natureza, o amor apaixoadoo da Terra natal. Eu sei qu'hai n-iste sentimento a fonda concencia d'unha gran verdade eterna y-esquecida; que esta Terra que pisamos é «o HUMUS do que HOME foi formado, a primeira sustancia da concencia»; a Terra é a placenta onde estamos sendo formados, dia por dia, en corpo y-alma, é a que nos dá mantenza pro corpo e imaxes pra y-alma.

O esquecemento d'esta verdade, o arreda-

mento da Natureza, a crescente artificialización da vida, é o pecado e mais o castigo do home oucidental. Todas-as convulsións étnicas e sociaes, o non acougaren os espíritos, os sinos todos do noso tempo, indicando o afundirse d'unha civilización que quixo ser de superhomes e ficou sendo de formigas, son a vinganza das leis biolóxicas conculcadas polos excesos d'esa civilización artificial que por tanto tempo nos ten arredados da Natureza. Todas-as nosas tristuras veñen determinados perdidio o sentido da Terra.

Non iremos agora nós, os pobos céltigos, ao rexurdirmos pra criarmos a nosa civilización inédita, cair no renuncio d'imitarmos a conduta suicida dos pobos mediterráneos e centro-europeos. Séxa mais ben o noso Evanxeo o da reintegración do home na Terra, de vital comunión coa Natureza. Salvemos o mundo d'iste xeito. Fagamos unha cultura asegurada o Sentido da Terra.

Galiza é unha gran comunitade agraria. Eis a nosa forma social enxebre. Levemos esta forma social á sua maior grandeza. A clás labrega pode e debe, según isto poseer e dominar Galiza, e será dona d'ela sempre que siga sendo labrega. En lugar de coller os síntomas da decadencia vilega—que tamén chegan a nós, importados polo comercio mundial—deben impor á vila o seu rusticismo esencial... E compre que nonos asustemos d'esta verba. Non esquezamos, xa que temo-lo o vicio dos exemplos clásicos, qu'o rusticismo fixo a forza da Roma repubricana.

As grandes vilas... Seipamos faguelas grandes cousas en pequeno...

VICENTE RISCO.

## XANEIRO

I

**Moitos parvos coidan que os liberaes que agora rubiron o poder han sere os taumaturgos que esaquicen os cacicatos da Galiza.**

**Proxentr'os liberaes non mandan o García Prieto e o Gasset que son asoballadores da vontade cidadana on moitos dos nosos pobos e aldeias? ;A tragedia do Marón non ten relación c'o garcipretismo e a de Nebra c'o gasetismo? Vittorro, liberal e millor quo Bugalhal, conservador? ;Somontes unha Galiza nazionalista, de costas a Madrid, daranos a libertade!**

do labrega. En lugar de coller os síntomas da decadencia vilega—que tamén chegan a nós, importados polo comercio mundial—deben impor á vila o seu rusticismo esencial... E compre que nonos asustemos d'esta verba. Non esquezamos, xa que temo-lo o vicio dos exemplos clásicos, qu'o rusticismo fixo a forza da Roma repubricana.

As grandes vilas... Seipamos faguelas grandes cousas en pequeno...

# GABANZAS DO ENXEBRE

## A ZOCA

Xa tense feito a loubanza d'alparagata e mais das botinas. Ainda se non fixo a loubanza da zoca, da nosa zoca: da zoca celta.

A alparagata foi grega, foi ateniense. A alparagata foi y-é mediterrán. E, e foi, o calzado dos pobos de ceo craro, dos pobos de camiños poirentos, dos pobos de Sol. Ainda foi, tamén, na Grecia, calzado das hetairas: as fermosas mulleres mercadeiras d'amores.

Os botinas son-o calzado burgués dos tempos d'aga. Son o calzado nacido do industrialismo e das manufacturas. Son o calzado fillo do maquinismo e da uniformidade cosmopolita. O calzado dos pobos de Sol e dos pobos de brétema: unha tendenza uniformadora do mundo do século XIX, engaiolado pol-o parvismo dos conceutios hocos y-astrautos.

A zoca é o calzado celta. O calzado dos pobos superoucentaes. O calzado dos pobos húmedos, e polo tanto das paisaxes verdecentes. Calzado dos galego e mais dos bretóns. O calzado dos días de traballo e dos días de festa e romaxe.

A y-auga dos ceos é a nai das nosas zocas e das zocas dos bretóns armoricanos. A y-auga dos ceos qu'é, ao mesmo tempo, nai da nosa paisaxe: a dos neboeiros e dos fecundos orballos.

Na comarca do Ferrol non hay muller que non leve zocas. Poderán vestirse mais ou menos ao xeito moderno. As veces levan o peinado das vilas, as blusas das rapazas da cibade. Mais as zocas non-as deixan. ¡Y-é unha ledicia ollalas todas vestindo ao «señorito», mais amostrando a su aboenza labrega e celta co-as zocas nos pés! ¡As zocas ingravidas, tan mornas e tan agarimosas pra os pés danzales das nosas rapazas!

## A CHUVIA

Y-é unha conformidade coa paisaxe nosa o uso das zocas. E, mais qu'unha conformidade, unha comunión, unha consubstanciación.

Entr'os señoritos das vilas, dos que gastan las botinas cosmopolitas, hainos qu'arrenegan da chuvia, da nosa meiga chuvia: tan acaída coa nosa paisaxe. Entr'os homes vagamundos de terras castelás, que veñen dé alparagatas pol-a nosa Terra, sonan as maldiciós contrá nosa benditiña chuvia. Mais entr'os celtas gallegos do campo, a chuvia é unha fada agarimosa e doce; entr'os celtas gallegos que gastan zocas a chuvia e unha verdadeira bendición de Deus.

Non coidan, com'os señoritos das vilas ou os estranxeiros das terras irtas, qu'a chuvia sexual monótona. ¡Saben qu'ela é ben musical e que canta nas follas dos castiñeiro, e que brúa nas ponlas dos pinos, e que fai choutal-os regatos, e qu'é a nai dos cadoiros fecundantes e das fervenzas cantareiras! E saben mais: qu'ela é a nai da nosa alma saudosa, tan acaída có babuxar dos ceos y-o orballar dás nubens.

¡Albas zocas do branco bideiro, á lixugárense nas lamugueiras dos camiños! A voso albura é unha ofrenda á Terra-Nai, da que saídes sempre brancas: ainda lixugadas nas lamugueiras dos camiños.

JAIME QUINTANILLA.



Milleiros de persoas atestiguan que non hai coma o

## TÓPICO KIRSEM

pra curar radicalmente as durezas e callos dos pés.

Pi'lao nas farmacias.

Pol-o ben dê vostede, non admite outro calicida que non sexa o auténtico

## TÓPICO KIRSEM



# MADRÍ XUSGADO POR UN GALEGO CULTO, QUE VIVE E TRABALLA EN PARÍS.

**M**NDURABLEMENTE que Madri posée varias persoalidades diferentes formando ese deus político social horrible que apadriña a nosa vergoñosa rutina, protexe o noso atraso e fomenta a nosa miseria moral e material.

Madri ten, coma todal-as capitales d'Estado, a sua poboación que traballa, a qua se adevirte, a que vive no vicio e a que desgoberna ó resto da Hespaña, coma en Buenos Aires, onde é imposibrel atopar arxentinos despox de arredar os tendeiros italianos, os mercadeiros hespañoies, os banqueiros franceses, etc., en Madri non quedan moitos madrileños si arredamcs o elemento provinciano que todo o acapara, dende a tenda do carboeiro do barrio baixo, hasta a presidencia do Concello de ministros. Eu Madri, coma en Constantinopla, o elemento indíxina áchase particularmente encarregado do servizo da decadenza, e o resto, a casi totalidade da poboacion, composta de todal-as castas e razas, adícase a vivire mais ou menos honradamente e a traballare. E meto entre o elemento indíxena a todol-os fillos de provincianos e os provincianos vergonzantes. O provinciano trocado en madrileño resulta case que sempre un tipo pouco interesante e o pior nemigo das provincias.

Madri ten a particularidade de que quixo imitar a París políticamente, e coma o medio e moi diferente, resultou unha caricatura ruiña. París ten recibido dos departamentos, nos derradeiros cincuenta anos, o millor que naqueles eisistía en elementos sociaes.

Madri, fora d'unhos cantos miles de barrendeiro, cafeteiros, ultramariños e outros elementos traballadores e honrados en xeral, non recibiu nos derradeiros cincuenta anos mais que literatos e artistas, e encol de todo empregados e politicos. En cantos países adiantados do estranxeiro que conezo, o funcionario e o político son elementos compretamente diferentes. En Madri e Costantinopla, todo militar, de sargento pra riba, é político por dreito propio, e todo ciudadán dono d'un título calquera, pro perfeutamente incapaz de faguer cousa útil, pertenece tamén de dreito, senón de feito, ó corpo político autivo ou da reserva. En Madri, coma todos sabemos, acontece o mesmo.

Teño vivido en Madri nos derradeiros do califato político de Romeiro Robredo, cando a boa capital do Estado hespañoel achábase baixo a protección e o Goberno efectivo dos seus húsares, e asegúrovos que por cada home traballador que enviaba a provincia, remitia des folgazás polo menos e media ducia de *vicos*. Todas istas xentes, naturalmente, arrenegaban do seu orixe provinciana á volta d'un ano e trocábansen en madrileños de puro sangue. O mais curioso d'estes tipos era o galego, trasformado en toureiro, chulo e matón; asegúrovos que antre a escoria da sociedade e do baixo rameirismo de París, non ollei en ningures nada tan repulsivo e odioso.

Si toda esta semilla xermolou e dou froito, e as leis da herensia en materia de trasmisión de caraúteres non son un mito, a nosa Meca do centralismo percisa de mais d'un purgante heróico pra por a sua sociedade en xeito aceitabre.

Poriso eu non admito o argumento que pra xustifical-o mal governo do Estado empregan moitos: de que os provincianos son quienes fan a mala política. Pois o único certo é que Madri resulta un tobo de canto ruiño hai na Hespaña, e polo mesmo, as provincias teñen o dreito e o deber de se defenderen de tan cativa situación por todol-os meios. E non é só no terreiro da política onde a infuencia de Madri fai-se funesta: no dos negocios, no dos intereses materiaes, en xeneral, non' o é menos.

A Madri debémoslle os monopolios e o acaparamento do zucré, do tabaco, do trigo e das farinhas; debémoslle todal-as trabas que se oponen ó progreso material. Sin os elementos de Madri, a industria do zucré sería libre, e o zucré custaría a mitade; sin os intereses de media ducia de madrileños, o tabaco colleitariáse na Hespaña; a Madri debémoslle que os hespañoies paguen todol-os anos centenares de millóns de pesetas que non terían que pagare, pra poderen comer pan, e que non poidan perfuncionáirense e imprantárense, por mor do mesmo, meitas industrias capaces de sostener a poboación equivalente a duas provincias.

B. CALDERÓN.

**DIAMANTES AMERICANOS**  
REAL, 24.—A CRUÑA  
A casa máis importante de **ÓPTICA** da Galiza  
ENVÍOS CERTIFICADOS A PROVINCIAS

CATÁLOGOS GRATIS A QUEN OS SOLICITE.

# DAS SUPERSTICIOS

O POBO, ADIANTANDOSE A CENCIA

**H**INDA que todos entendémonos cando falamos de «superstición», refírndonos a determinadas crencias encol de feitos tidos por irreás, é natural o nos perguntare si as crencias supersticiosas de que se anda a culpar ó vulgo, e que comparten d'abondo espíritos cultivados, non responden verdadeiramente a aquela categoría de realidás que en estudo na miña de rraideira obra «Physis y Psyquis». Un asunto cheio d'intrés tería de selo, sin dúbida, estudar os puntos de contauto antr'os fundamentos esternos e internos das crencias supersticiosas e os fenómenos revelados polos estudos metapsíquicos, pois parece que tamén eiquí o mesmo que n'outros ordes da aitividade humana, a ollada ouservadora e os sentimentos do pobo adiantáronse o estudo e os descubrimientos dos homes de cencia.

R. NÓVOA SANTOS.

## DOS NÓSOS



VICENTE RISCO. Conselleiro Supremo da I.N. G.

## NA BRÉTEMA

Por GONZALO LÓPEZ ABENTE

Cando Apolo destrenza a cabeleira  
no curuto d'un facho outivo e mouro  
e a mañán desparrama o seu tesouro  
de alcendidos fulgores na pradeira,  
cando a caterva paxaril peneira  
cantigas de cristal, de prata e d'ouro  
e pol-o chan un agarimo louro  
corre nas áas da brisa pasaxeira,  
sinto as fondas arelas d'un eterno  
ben que rebule do meu ser no interno:  
Perde-la forma e a unidá que encerra  
o meu corpo mortal e, libertado,  
antre o ensoño, vivir arrandeado  
na brétema sotil da miña terra.

# LIBRERIA GALEGA

**NÓS.**—Boletín mensual ilustrado da cultura galega, órgao da Sociedade «Nós»  
Direitor, VICENTE RISCO, (Praza do Ferro, 6, ORENSE).  
Pódese pór, pra o noso orgullo, en comparanza c'os millores revistas europeias.  
(Suscripción anual, 6 pesetas)

**CÉLTIGA.**—Novela semanal ilustrada: unha das millor persentadas da Peninsua.  
Direitor, XAIME QUINTANILLA. (Praza de Dolores, FERROL.)  
Números publicados: **Saudade.**—**Os catro cisnes brancos**—**Almas mortas.**—**O novo Xuez.**—**Axúdate e O Manciñeiro.**—**A Costureira.**—**Un ollo de vidro.**—**A y-alma de Mingos.**—**Terra e Raza.**  
(Suscripción anual, 4 pesetas. Número solto, 30 céntimos.)

#### VOLUMES APARTE DA «EDITORIAL CÉLTIGA»

«**Além**» comedia de Xaime Quintanilla. «**Mal de Meitos e Trato a cegas**», parrafeos teatraes de Charlón e Hermida. «**Doutrina Nazonalista**», de Ramón Villar Ponte.  
No prelo: «**Hestoria de Merlin**», de Vicente Risco, e outras.

**POESÍA.**—**Vento Mareiro**, de Ramón Cabanillas.  
**Abrente.**—de Victoriano Taibo.  
**D'o Ermo**, de Noriega Varela.  
**Alento da Raza**, de López Abente.

¿QUÉRE FACER ECONOMÍAS?

MERQUE NA CASA

## ABARRATEGUI - BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquete-  
ría, Camisería, Lencería e demás  
tecidos.

Sánchez Bregua, 3 (Soportás d'a Praza)



## ZAPATERIA DO CANTÓN

A que más surtido ten.  
A que más barato vende.  
Compre vostede ali.

## H. COMERCIO

Ramón G. Pernas

(SUCESOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—BETANZOS

É a millor, más cétrica i-económica da cidade.  
Visítene os señores viaxeiros e convenceránse

Si queredes mercar barato visitade o novo  
establecimento de

## PANOS, TECIDOS E NOVEDADES R. MONTES

Quatravesa, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS  
PRECIOS FIXOS

## CONFITERÍA

## Constantino Rábade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos. Fanse toda crás d'encárregos.

## H. LA CORUÑESA ESMERO I-ECONOMÍA Valdoncel, 18, BETANZOS

## Dr. López Pardo

Especialista nas doenzas da pel, sifiliticas  
e venéreas.

Consulta de 11 a 1 e de 4 a 6.

Castelar, 10

LUGO

# CANÇA NOVA

*Álvaro Gómez, ao Artista ítemos.*

Na cerdeira do meu horto  
os passaros a cantar.  
A ledicia da alborada  
somentes fai-me chorar.

Na cerdeira do meu horto  
roxa de tal pedraria  
asuvía o passarinho...  
e eu sinto melancónia.

Puxen-me a pensar en tí  
baijo a cerdeira a frorida.  
O ar desfolhaba as frores  
n'uma fonte entristecida.

Tenho uma barca ligeira,  
tenho un caminho no mar;  
Se me dís que me non queres,  
un dia non hei voltar.

Fose eu uma fror singela,  
margarida antr'a herba mol:  
fose eu, ante'o verde prado  
uma pingota de sol.

Eu quixer ser, minha mae,  
como aquel piño lanzal,  
acochar na minha alma  
todal-as rulas do val

Eu quixer ser passarinho  
que voa ao Sol, minha mae,  
eu quixer ser como aquela  
barca branca se vae.

Por-me na cova uma fror  
e uma pedra que diga:  
"pobre captivo d'Amor."

*Eva Correa Calderón.*



Se eu miro-te namorado  
ti és a rainha altiva.  
Se fago que te non vexo,  
míras-me tan pensativa...

O rodicio do muinho  
canta sepre a sua cançon.  
Cal rodicio cantareiro  
o meu pobre corazón.

A auga vae caladinha  
baijo os olmos da ribeira.  
Eu recordo, minha xoa,  
cando estaba a tua veira.

No ceo da noite, brillan  
centos de estrelas e a lúa.  
Eu, miña noiva longana,  
vou lembrando a imagen tua!

Inda lembro-me de tí  
e gardo un recordo teu:  
Aquela sorrisa tua!  
Se algúñ te quixo, fun eu.

O alcipreste do adro  
canta cando o bica o vento.  
E o meu corazón ao verte  
vaise enhendo de contento!

Ja vae-se morrendo o día.  
Van as pombas pelo ceo.  
Ai, minha noiva longana,  
ai, as pombas do teu seo!

Minha noiva, minha noiva,  
cómo recordo apuel día.  
Recordo o primeiro bico  
c'uma gran melancónia.

## Xogos froridas EN BETANZOS

Na imprenta de M. Villuendas fono levados ao prelo os traballos premiados nos Xogos froridas, orgaizados pol-a antiga Irmandade da Fala de Betanzos, no ano 1918. Os orixines recolleitos forman un feito libriño valorado con fermosas ilustraciós.

Eis o texto do citado libro:

*Canto a Galicia, accésit, por D. Francisco Sánchez García*

*Reseña histórica dos moimentos e obras d'arte qu'eisistiron y-eisisten en Betanzos, premio, por D. A. del Castillo.*

*O probremo agrario en Betanzos, premio por D. L. Peña Novo.*

*Influenza da lingua galega na formazón do castelán, premio, por D. Eugenio Carré Aldao.*

*Eisixenzas ferroviarias da Galiza e a necesidade de resolver este probremo, premio, por D. Constante Amor Neveiro*

*Discurso de Vázquez de Mella.*

*¡Terra a Nosa! por D. Rodrigo Sauz*

Na citá imprenta háchase á venda o preço de pesetas 150.

Mándase o libriño a quem o solicite, previo o xiro do seu importe mais o gastos de correo.

**Imprenta de M. Villuendas**

Valdonsel, 48 - BETANZOS

*REXURDIMENTO, despois dos primeiros trentaos que, inda sendo timidos, foron ben acollidos por todolos amantes da redenzón da Terra, quixo superarse.*

*Poriso tras un curto acougo que non tivo outro ouxeto que podere dar un novo pulo progresivo—pra se pór a outura que ollades—hoxe volta a sair co'a su vida económica garantida, c'unha encomeenda tan síria cal a de ser órgano de loita da I. N. G., a única institución exaxebre que conta con nácleos organizados e disciprincipados nas principais vilas da Patria, verdadeiros formentos da cultura nazonalista.*

*REXURDIMENTO, atenderá sempre os consellos do Xefe e ofrecerá os leutores traballos literarios e artísticos dos nazonalistas que saben sentir e pensar coma Deus mandu. Porque así vi haberndo certa responsabilidade no de admitire calquer cousa que se escriba en galego.*

*REXURDIMENTO, que terá referencias direitas dos mais importantes países d'Europa e América, pol-a mediación dos bós irmans espallados pol-o mundo arela sere un boletín que se axeite, coma ningún, á propaganda do ideal con cruidade e sinxeleza.*

# O MELLOR HOTEL DO FERROL IDEAL ROOM GRAN CONFORT

## De "O Mariscal"

O 17 de Nadal do 1483 foron axustizados na praza de Mondoñedo Pedro Pardo de Cela, seu fillo e Pedro Miranda, por se teren erguido *manu militari* contra do Poder de Castela que pretendía asoballar, como o consiguíu, a libre vontade da nosa Terra.

Relembando ista patriótica e triste efemérides que costituiu o comenzañ da escravitude galega, que inda hoxe sigue, coidamos o mellor ofercelles ós leutores un anaco da lenda tráxica en tres xornadas «O Mariscal», que Antón Villar Ponte compuxo en prosa, brindándolla ó poeta da Raza Ramón Cabanillas pra que a versificara, coma o fixo.

É Pedro Bolaño, un persoaxe da traxedia, o que fala:

¡Camiño da ferradura  
que levas a Mondoñedo!  
¡Nova rua da amargura!  
¡Ou vereda de inxustiza  
pol-a que rube ó martirio  
o redentor da Galiza!  
¡Dalle paso doce e brando  
que tamén el vui doido  
entre sayóns e sangrando!  
¡Tamén el, todo bondade,  
leva ás costas a cruz santa  
d'un sono de libertade!  
Tamén el, cheo de dores,  
vai con coroa de espiñas  
posti de man de treidoras!  
*(lixiera pausa)*  
¡Camiño de ferradura,  
aberto ó paso da Morte  
na noite triste e escura!  
leva con paz e sosego  
ó soñador d'unha patria  
ó novo Cristo galego!

NÓS

BOLETIN MENSUAL  
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcións n'esta redaición.

## HIJOS DE A. NUÑEZ“

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacés de tecidos e móbiles

Sánchez Bregua, 2 e 13

Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla

Plaza d'Arines, 32.

— BANCA —

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e  
toda crás d'operaciones bancarias.

PAQUETERÍA-QUINCALLA

El Gato Negro

PRECIO FIJO

## JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA

Praza da Constitución, 2.

— FERRETERÍA —

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en  
bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros, 19.—BETANZOS.

LA MODERNÍA

GRAN FÁBRICA DE GASEOSAS

E AUGAS DE SELTZ

ELABORACIÓN ESMERADA e HIGIÉNICA

PRECIOS SIN COMPETENCIA

Manuel V. Gómez

CASCAS.—BETANZOS.

# REXURDIMENTO

2.ª ÉPOCA

ORGÃO DA  
I. N. G.

1923

## A AUTONOMÍA DE GALICIA

GALICIA ten probremas de seu que o Estado de Madri nin foi nin será endexamais capaz de resolver; probremas que somentes teñen que ver con nós e que soilo nós somos chamados a por mau n-iles,

Galicia ten intreses que defender e istes intreses son decote pospostos pol-o estado de Madri ós intreses de outras rexións españolas, así por eixemplo a protección ós trigos de Castilla fai que nas vilas galegas se merque o pan caro, a protección ós xéneros catalás fai que as roupas se nos esgacen a pouco de estrealas, y en toda Galicia hay que mercar á forza ferros vascos ou carbós asturianos que como non teñen competencia vén-dense do xeito que queren os seus vendedores.

Os galegos teñen direito a gobernaren a súa casa sin a axuda costosa de ningnén; a darende a si mesmos as leises que millor lles convénan pra viviren os uscos outros; a defenderen os seus intreses contra quen intente dañalos; a resolveren asegún as suas luces os probremas privativos da sua terra.

Pra esto compre que Galicia sexa autónoma. Galicia precisa a autonomía que quer decir o seguinte:

A delegación pol-o governo central n-un governo galego de todos aquiles servicios que non teñan relación co-a defensa nacional nin co-as relaciós esteriores.

A redacción de un acordo tributario no que dispois de un estudio do que hoxe paga Galicia, que é casi o mais que pode pagar, e de esamiñar o que n-ela se gasta, se fixara a cantidá coa que en forma de concerto debía

contribuir pra sostenimento dos servicios que quedaran a carrego do poder central.

A autonomía de Galicia supon a supresión das Diputaciós provinciás que serían sustituidas por unha especie de Cortes gallegas; nas que terían representación todol-os galegos, as mulleres incrusive, terían voto, e ademáis as corporaciós, os gremios, entidades agrarias, obreiras e de todal-as profesiós e oficios.

A autonomía da Galicia supon a supresión dos auntaimentos, nos núcreos de poboación menores de 3.000 habitantes, que serían sustituidos por concellos parroquiaes compostos por todol-os veciños, c'unha xunta encarregada da sua dirección composta por dous maiores, dous menores e dous pequenos contribuintes, o crego, o médico, onde o houbera, e o escolante como segredario.

Xa esto repersenta un gran aforro, tendo en conta que un autamento rural paga ante segredario, oficiás, depositario e alguaciles 10.000 pesetas pol-o pouco, e ademáis impidiría as filtraciós do diñeiro en

mau de caciques.

A autonomía de Galicia supon ademáis as catro quintas partes dos empregados de todas clás, que constituyen un dos mais grandes despilfarros do Estado centralista, e o emprego do diñeiro aforrado en camiños, escolas, fontes, etc.

Pol-o derradeiro, a autonomía de Galicia supon ainda a xusticia breve e gratuita.

Todo esto podedes ter si queredes, si sabedes impor a vosa vontade.

### Contigo falamos, rapaciño

*Na tua vila, percisa a «Irmandade Nacionalista Galega» ter represenataates. Un, dous bós, valen mais que moitos cátivos.*

*Nos podes fagucr nada mais patriótico que vires a nós.*

*Os millores artistas, os meirandes pensadores galegos e literatos están connosco.*

*A calquera vila que vayas, onde haxa un feixe de nazonalistas—d'ista mocidade seleuta que leva a estrela na frente—acolleránte todos c'o agarimo de irmán, pol-o feito de ti seres dos nosos. E ti poderás decir na tua vila que ostentas un valor que n'ela non ten ninguén: O de pertenceres á única verdadeira aristocracia intelectual e espiritual da Terra; o de seres un, c'os millores da Galiza, c'os que han de pasar á Hestoria coma apóstoles da liberdade d'un pobo que, andando o tempo, e gracias ó noso esforzo, ergueráse a outura dos primeiros da Europa.*

*Pol-o amore á Patria Galega escravizada, aldraxada, caloñada e convertida en colonia dos esorgaizadores, aldraxadores e caloñadores, non perdas un só minuto sin te dirixires ó Conselleiro Supremo da I. N. G. pregándolle te ademita entr'os nosos.*